



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2021

EXPEDIENTE: 2021/G010/000002

Visto o artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o art. 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os artigos 77 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o acordo do Pleno da Corporación adoptado na sesión extraordinaria realizada con data 2 de xullo de 2019, en relación á celebración das sesións ordinarias do Pleno.

Visto o apartado 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido pola disposición final segunda do Real Decreto- Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, BOE do 1 abril, vixente desde o 2 abril 2020, que di: *"En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes atópanse en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.*

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten".

Vista a situación de emerxencia sanitaria ocasionada pola COVID-19 a cal debe ser considerada como una situación excepcional de grave risco colectivo que impide ou dificulta aínda o normal funcionamento presencial do Pleno, concorrendo, pois, un dos presupostos de feito do citado art. 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o que habilita para a celebración das sesións dos órganos colexiados a distancia por medio electrónicos e telemáticos.

É polo que á vista dos antecedentes e fundamentos anteriormente expostos,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar mediante videoconferencia (enlace, meet.google.com/nea-napf-ncf) o vindeiro día **29 de xaneiro de 2021 (venres) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2020.
- 2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 20 de xaneiro de 2021.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

3º. Participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2021".

4º. Participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + ADICIONAL 1/2021" para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

5º. Recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2021.

6º. Modificación das bases de execución do orzamento, subvención nominativa ao Clube Balonmán de Camariñas.

7º. Mocións de urxencia.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

8º. Decretos da Alcaldía e comunicacións.

9º. Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar este decreto aos Srs./Sras. concelleiros/as e á intervención municipal, e publíquese no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Terceiro. Que aos efectos de garantir a publicidade da sesión a mesma sexa retransmitida por medio de youtube.com situándose o acceso en camarinas.net.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria accidental, que asino aos únicos efectos de fe pública.